

PROXECTO DE DECRETO polo que se aproba o estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística.

A Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia (LEG), modificada por Lei 7/1993, do 24 de maio, Lei 10/2001, do 17 de setembro, Lei 16/2006, do 27 de decembro e Lei 8/2011, do 9 de novembro, crea o Instituto Galego de Estatística (IGE) como organismo autónomo administrativo, con personalidade xurídica e patrimonio propios. Nos artigos 38, 39, 40, 41 e 42 adscíbese á consellería competente en economía e facenda e regúlanse as súas funcións, medios e organización. O Decreto 198/2008, do 28 de agosto, desenvolve as previsións normativas sobre organización do IGE.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, modificada por Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, pon fin á dispersión normativa sobre entidades do sector público, regulando a súa tipoloxía, organización e réxime xeral. No seu desenvolvemento, o Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, adscribe o IGE á Consellería de Facenda.

A disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece que as entidades instrumentais creadas por leis anteriores se adaptarán ás determinacións do seu título III mediante decreto da Xunta de Galicia.

O IGE, como organismo autónomo encadrado na sección 2ª do capítulo II do devandito título, debe seguir este proceso de adaptación, respectando a normativa específica da Comunidade Autónoma en materia estatística, para facer efectiva a competencia exclusiva do artigo 27.6 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Por todo o exposto, dítase este decreto que consta dun artigo único para aprobar o estatuto do IGE, dúas disposicións transitorias, unha derogatoria, dúas derradeiras e un anexo. As disposicións transitorias tratan sobre a composición vixente do órgano executivo do IGE, a constitución do seu Consello Reitor e a permanencia dos postos de traballo con rango inferior ao servizo. A derogatoria afecta ao Decreto 198/2008, do 28 de agosto, polo que se aproba a estrutura orgánico-funcional do IGE. Nas dúas derradeiras habilítase para desenvolver a norma e fíxase á súa entrada en vigor.

No anexo figura o estatuto do IGE, que consta de trinta e sete artigos, agrupados en oito capítulos. Os sete primeiros capítulos versan sobre a súa natureza, réxime xurídico, funcións, organización, planificación, persoal, recursos, administración económica e transparencia. O derradeiro establece o procedemento de modificación deste estatuto.

Consonte o artigo 54.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, por

proposta da consellería de adscrición, logo do informe favorable das consellerías competentes en administracións públicas e facenda, no uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día .. de de dous mil quince,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación

Apróbase o estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística, cuxo texto se insire como anexo a este decreto.

Disposición transitoria primeira. Órgano executivo e Consello Reitor

A partir da entrada en vigor deste decreto, a Dirección e a Secretaría Xeral continuarán como órganos executivos do IGE. No prazo de seis meses constituirase o seu Consello Reitor.

Disposición transitoria segunda. Postos de traballo con nivel orgánico inferior ao servizo

Os postos de traballo do IGE con nivel orgánico inferior ao servizo mantéñense ata que se aprrobe unha nova relación de postos de traballo adaptada á estrutura administrativa establecida neste decreto.

Disposición derogatoria única. Derogación do Decreto 198/2008, do 28 de agosto

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto. En particular, o Decreto 198/2008, do 28 de agosto, polo que se aproba a estrutura orgánico-funcional do IGE.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa

A persoa titular da Consellería de Facenda poderá ditar as disposicións necesarias para desenvolver o previsto neste decreto.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, .. de de dous mil quince

Valeriano Martínez García
Conselleiro de Facenda

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

ANEXO
ESTATUTO DO INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA

CAPITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. *Natureza e adscrición*

1. O IGE, creado na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, é un organismo autónomo dos previstos na sección 2ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
2. Segundo a Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, o IGE adscribírase á consellería competente en economía e facenda. O Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, adscribe o IGE á Consellería de Facenda.

Artigo 2. *Réxime xurídico*

1. O IGE ten personalidade xurídica pública diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión, nos termos que precisen as leis.
2. O IGE réxese pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, pola restante normativa autonómica en materia estatística, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, polas demais normas aplicables ás entidades públicas instrumentais dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, e polo presente estatuto.
3. Correspóndelle ao IGE, dentro da esfera da súa competencia, o exercicio das potestades administrativas precisas para cumprir os seus fins.
4. O IGE ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adxudicadores dela dependentes, polo que está obrigado a realizar os traballos que aquela ou estes lle encomenden no marco do seu ámbito de actuación.

Artigo 3. *Actos que esgotan a vía administrativa*

1. Poñen fin á vía administrativa os actos emanados da Dirección do IGE, cando se refiran ao exercicio de competencias técnicas ou á preservación do segredo estatístico regulado na sección cuarta do capítulo III da LEG.
2. Os actos da Dirección que poñan fin á vía administrativa poderanse impugnar na contencioso-administrativa, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición.
3. Os actos da Dirección que non poñan fin á vía administrativa poderanse recorrer en alzada perante á persoa titular da consellería de adscrición.
4. Segundo o establecido no capítulo IV da LEG, a resolución que pon fin aos expedientes sancionadores iniciados e instruídos polo IGE correspóndelle á persoa

titular da consellería de adscrición, cando se trate de infraccións leves e graves. O Consello da Xunta resolverá os expedientes das cualificadas como moi graves.

Artigo 4. Sede e estrutura territorial

1. O IGE ten a súa sede institucional en Santiago de Compostela, no Complexo administrativo de San Lázaro, s/n.
2. O IGE poderá contar con oficinas territoriais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 5. Funcións

1. O IGE dirixe e coordina a actividade estatística no ámbito competencial da Comunidade Autónoma e exerce as demais funcións que lle atribúe o artigo 39 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia:
 - a) Coordinar a actividade estatística das administracións públicas de Galicia.
 - b) Realizar as estatísticas que se lle atribúen no Plan galego de estatística e nos seus programas, así como calquera outra que se lle poida encomendar, ou que se estableza por convenio con outros organismos.
 - c) Colaborar nas estatísticas de interese estatal ou supraestatal promovidas polos organismos competentes.
 - d) Promover e aplicar normas e requisitos técnicos unitarios para as estatísticas galegas e aprobar códigos e nomenclaturas de interese propio, procurando que se integren nas estatais e supraestatais e que teñan a maior difusión posible.
 - e) Elaborar, actualizar e participar na formación dos ficheiros-directorios dos órganos e entidades instrumentais do sector público autonómico. O IGE deberá ser escoitado no deseño e reforma dos procedementos administrativos que poidan ter consecuencias na produción de información estatística.
 - f) Coordinar as peticións en materia estatística dos órganos e das entidades instrumentais do sector público autonómico, respecto doutras institucións ou organismos das administracións central e local.
 - g) Prestar servizos de recompilación, almacenaxe e difusión da documentación estatística dispoñible.
 - h) Desenvolver bases de datos con información estatística de interese para Galicia.
 - i) Analizar as necesidades e a evolución da demanda de estatísticas en Galicia.
 - j) Relacionarse con organismos estatísticos estatais e internacionais e proporlle ao Consello da Xunta integrarse neles.
 - k) Asegurar a difusión axeitada das estatísticas sobre Galicia e estender certificacións dos resultados da súa competencia.
 - l) Velar polo cumprimento das normas técnicas aprobadas e pola aplicación das garantías necesarias para que sexan respectados o segredo estatístico e o resto das condicións xurídicas ás que se debe suxeitar a actividade estatística.
2. O IGE é a peza central da organización estatística de Galicia, regulada no título II da LEG, que se completa co Consello Galego de Estatística (CGE), máximo órgano

consultivo na materia, e cos órganos estatísticos sectoriais (OES) que se designen na Presidencia, vicepresidencias, consellerías, organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e entidades públicas empresariais.

3. O Decreto 173/2007, do 30 de agosto, regula a designación dos membros do CGE. O Decreto 24/2008, do 21 de febreiro, desenvolve as previsións normativas sobre os OES.
4. En aplicación do disposto no título II da LEG, o IGE elaborará o anteproxecto de lei do plan galego de estatística e os proxectos de decreto dos programas anuais, en colaboración cos OES e tendo en conta as recomendacións do CGE.
5. O IGE exercerá o resto de funcións que lle atribúe a LEG e as recollidas noutras normas legais ou regulamentarias que lle correspondan pola súa condición de órgano central do sistema estatístico.
6. No desenvolvemento das competencias técnicas e na aplicación do segredo estatístico, o IGE gozará da capacidade funcional necesaria para garantir a súa neutralidade operativa.
7. Son competencias técnicas as que versen sobre metodoloxía, fórmulas e algoritmos de tratamento da información, recolla de datos e difusión de resultados. Tamén o son o deseño de normas sobre conceptos, definicións, unidades, clasificacións, nomenclaturas e códigos para ordenar datos e presentar resultados.
8. O IGE axustará a súa actuación aos principios do capítulo I da LEG sobre interese público, obxectividade, corrección técnica, obriga de colaboración cidadá, segredo estatístico e difusión de resultados, así como ás recomendacións do Código de conduta para as estatísticas europeas, adoptado polo Comité do Sistema Estatístico Europeo o 28 de setembro de 2011.

Artigo 6. Control de eficacia

Sen prexuízo das competencias atribuídas na LEG ao CGE e das previsións normativas sobre avaliación dos plans e programas estatísticos, o IGE estará sometido ao control de eficacia no cumprimento do Plan anual de actuación, previsto no artigo 73 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, que será exercido pola consellería de adscrición e pola unidade administrativa competente en avaliación e reforma administrativa.

CAPITULO II. ORGANIZACIÓN

SECCIÓN I. ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 7. Órganos de goberno

Ao amparo do disposto no artigo 64 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os órganos de goberno do IGE son a Presidencia e o Consello Reitor.

Artigo 8. Presidencia

1. A Presidencia do IGE correspóndelle á persoa titular da consellería de adscrición.
2. A persoa titular da Presidencia do IGE presidirá o seu Consello Reitor e terá as competencias que lle outorga o artigo 16 da Lei 16/2010, do 17 de decembro:
 - a) Desempeñar a representación do órgano colexiado.
 - b) Acordar a convocatoria das sesións e fixar a orde do día.
 - c) Presidir as sesións, moderar os debates e suspendelos por causas xustificadas.
 - d) Dirimir co seu voto os empates.
 - e) Asegurar o cumprimento das leis.
 - f) Visar as actas e as certificacións dos acordos.
 - g) Exercer cantas outras funcións lle correspondan pola súa condición de presidente dun órgano colexiado e as que se determinen nas disposicións de aplicación.
3. A persoa que exerza a Presidencia do Consello Reitor terá a condición de membro do órgano colexiado.
4. No ámbito de aplicación da LEG, a persoa titular da Presidencia do IGE presidirá o Consello Galego de Estatística.
5. A persoa titular da Presidencia poderá delegar na titular da Dirección as funcións propias que sexan susceptibles de delegación.
6. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento legal, a persoa titular da Dirección substituirá á titular da Presidencia.

Artigo 9. Consello Reitor

O Consello Reitor é o órgano colexiado de goberno do IGE.

Artigo 10. Composición do Consello Reitor

1. Son membros do Consello Reitor:
 - a) A persoa titular da Presidencia do IGE, que o preside e nomea aos seus membros.
 - b) A persoa titular da Dirección do IGE, que exercerá a súa Vicepresidencia.
 - c) Unha persoa en representación da consellería competente en materia de administracións públicas, designada entre os seus órganos superiores ou de dirección.
 - d) Unha persoa en representación da consellería competente en materia de facenda, designada entre os seus órganos superiores ou de dirección.
 - e) Unha persoa en representación da consellería competente en materia de función pública, designada entre os seus órganos superiores ou de dirección.
 - f) Unha persoa en representación da consellería competente en materia de avaliación e reforma administrativa, designada entre os seus órganos superiores ou de dirección.
2. A persoa titular de cada consellería designará un suplente para os supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento legal do titular.

Artigo 11. Funcións do Consello Reitor

1. O Consello Reitor ten as seguintes funcións:
 - a) Seguir, supervisar e controlar os resultados da actividade do IGE e a xestión do titular da Dirección, coa limitación do artigo 41 da LEG, que outorga á Dirección independencia nos asuntos técnicos e científicos relacionados coa actividade estatística de Galicia.
 - b) Aprobar o Informe xeral anual da actividade do IGE previsto no artigo 64.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e cantos extraordinarios considere necesarios sobre a súa xestión, valorando os resultados acadados e consignando as deficiencias observadas.
 - c) Aprobar o anteproxecto de orzamentos anuais e a contracción de obrigas de carácter plurianual, dentro dos límites que teña fixados.
 - d) Aprobar as contas anuais, consonte á lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma.
 - e) Aprobar as propostas de oferta de emprego público das escalas técnica e superior de estatística e do persoal laboral fixo entrevistador-enquisador.
 - f) Aprobar as propostas de relación de postos de traballo do IGE.
 - g) Aprobar as normas de funcionamento interno do propio consello.
 - h) Calquera outra que lle atribúan as disposicións vixentes.
2. Os membros do Consello Reitor terán as seguintes atribucións:
 - a) Recibir a convocatoria coa orde do día e información sobre os temas a tratar.
 - b) Propor incluír na orde do día as cuestións que consideren oportunas.
 - c) Asistir ás sesións e participar nos debates.
 - d) Exercer o dereito ao voto e formular votos particulares. Non se poderán abster.
 - e) Formular rogos e preguntas.
 - f) Obter a información que precisen para cumprir as funcións asignadas.
 - g) As que lles correspondan pola súa condición de membros dun órgano colexiado.
3. Os membros do Consello Reitor non se poderán atribuír as funcións de representación recoñecidas a este, agás que lles fosen outorgadas expresamente por norma ou acordo validamente adoptado polo Consello Reitor.

Artigo 12. Secretaría do Consello Reitor

1. O Consello Reitor designará unha Secretaría, que será ocupada por persoal funcionario do IGE. A súa substitución temporal, nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento legal, realizarase por acordo do Consello Reitor.
2. A Secretaría do Consello Reitor ten as seguintes funcións:
 - a) Asistir ás reunións con voz, pero sen voto.
 - b) Convocar as sesións por orde da Presidencia e citar aos seus membros.
 - c) Recibir os actos de comunicación dos membros do órgano.
 - d) Preparar o despacho dos asuntos e redactar as actas das sesións.
 - e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.

f) As que lle correspondan pola súa condición de secretaría dun órgano colexiado.

Artigo 13. Réxime de funcionamento do Consello Reitor

1. O Consello Reitor reunirse en sesión ordinaria cando menos unha vez ao ano. As sesións extraordinarias serán convocadas pola Presidencia, por iniciativa propia ou por pedimento da Dirección ou da metade dos seus membros.
2. Para a válida constitución do Consello Reitor, ademais da Presidencia e a Secretaría, ou de quen as substitúa, deberán estar presentes tres representantes das consellerías en primeira convocatoria, e dous en segunda. Entre a primeira e a segunda convocatorias deberán transcorrer, cando menos, un prazo de trinta minutos.
3. A convocatoria incluirá a orde do día e será notificada pola Secretaría cunha antelación mínima de corenta e oito horas. En caso de urxencia, a sesión pódese convocar cunha antelación non inferior ás vinte e catro horas, sen que sexa preceptiva a orde do día.
4. Os acordos do Consello Reitor adoptaranse por maioría simple de votos. No caso de empate terá voto de calidade a Presidencia.
5. Non poderán ser obxecto de deliberación ou acordo asuntos que non figuren na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano e sexan declarados de urxencia co voto favorable da maioría.
6. A Secretaría levantará acta de cada sesión, na que se especificarán a orde do día, as circunstancias de lugar e tempo, os asistentes, os puntos principais tratados e os acordos adoptados.
7. Na acta figurarán os votos particulares que se anuncien na sesión e se formulen por escrito nun prazo non superior aos cinco días. Os membros do Consello Reitor poden solicitar que se transcriban integramente as súas intervencións, sempre que acheguen o texto dentro do mesmo prazo.
8. Os membros do Consello Reitor que voten en contra dun acordo quedarán exentos das responsabilidades que se poidan derivar.
9. As actas aprobaranse na mesma sesión ou na seguinte. A Secretaría poderá emitir certificacións sobre os acordos adoptados, facendo constar esta circunstancia. Quen acredite a titularidade dun interese lexítimo pode solicitar certificación dos acordos.
10. Poderán asistir ás sesións do Consello Reitor, con voz pero sen voto, as persoas que convoque a Presidencia como expertas nas materias a tratar.
11. As persoas que participen nas sesións do Consello Reitor non percibirán indemnizacións por asistencia e gardarán o debido sixilo respecto dos asuntos tratados.
12. O funcionamento e réxime aplicable ao Consello reitor axustarase, no non previsto anteriormente, ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Artigo 14. *Uso de medios electrónicos*

1. Para convocar e constituír o Consello Reitor se poden utilizar medios electrónicos, respectando os trámites establecidos nos artigos 26 e 27.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. As actas pódense aprobar por vía telemática.
2. Os membros do Consello Reitor poderán ser convocados para que a sesión se realice en varios lugares simultaneamente, sempre que se cumpran os requisitos do artigo 21.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

SECCIÓN II. ÓRGANOS EXECUTIVOS

Artigo 15. *Órganos executivos*

1. Ao amparo do disposto no artigo 65 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, modificado pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os órganos executivos do IGE son a Dirección e a Secretaría Xeral.
2. A persoa titular da dirección será nomeada e separada por decreto do Consello da Xunta, por proposta da persoa titular da consellería de adscrición entre persoas que reúnan requisitos de solvencia académica, profesional, técnica ou científica en materia estatística. A persoa titular da secretaría xeral será nomeada e separada segundo o previsto neste estatuto.
3. Segundo o artigo 41.2 da LEG, a persoa titular da Dirección, como máxima autoridade estatística da Comunidade Autónoma, actuará con total independencia nos ámbitos técnicos e científicos relacionados coa actividade estatística de Galicia.
4. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento legal, a persoa titular da Dirección será suplida polas titulares das subdireccións, na orde na que aparecen citadas na estrutura administrativa establecida neste estatuto.

Artigo 16. *Competencias da Dirección*

En aplicación do artigo 41.1 da LEG, son competencias da Dirección:

- a) Representar legalmente ao IGE.
- b) Exercer a xefatura de persoal do IGE.
- c) Impulsar, dirixir e coordinar a actividade do IGE.
- d) As que lle correspondan ao IGE e non fosen atribuídas expresamente a outros órganos deste.

Artigo 17. *Funcións da Dirección*

Son funcións da Dirección:

- a) Dirixir as relacións do IGE cos servizos estatísticos doutras administracións públicas, organizacións europeas e internacionais e coordinar aos que formen parte da organización estatística de Galicia.
- b) Representar á Comunidade Autónoma no Comité Interterritorial de Estatística e no Foro de Estatística Rexional, previstos na Lei 12/1989, do 9 de maio, da Función estatística pública, así como en calquera outro órgano de colaboración institucional en materia estatística.
- c) Velar polo cumprimento dos plans e programas estatísticos e aprobar e certificar os resultados das operacións estatísticas, de acordo coa lexislación vixente.
- d) Promover a elaboración de información, estudos, análises e modelos de simulación que contribúan a optimizar o deseño e seguimento das políticas públicas.
- e) Impulsar o desenvolvemento de procedementos de calidade nas diferentes fases da actividade estatística.
- f) Exercer a Vicepresidencia do CGE e a Presidencia da súa Comisión de Coordinación, segundo o previsto nos artigos 47 e 48 da LEG.
- g) Elevar ao CGE o anteproxecto do plan galego de estatística e o proxecto de cada programa anual.
- h) Elevar ao CGE e trasladar ao Parlamento os informes de avaliación do plan galego de estatística e os de seguimento dos programas.
- i) Elaborar o proxecto de estatuto do IGE.
- j) Elaborar a proposta do Plan anual de actuación, que será aprobado por orde da consellería de adscrición, e o Informe xeral anual da actividade do ano anterior, que será aprobado polo Consello Reitor, segundo o previsto na Lei 16/2010, do 27 de decembro.
- k) Cumprir os acordos da Presidencia e do Consello Reitor e formular e someter á súa aprobación a proposta de anteproxecto de orzamentos e as contas anuais do IGE.
- l) Elaborar as propostas de relación de postos de traballo e de emprego público, contempladas nos apartados e) e f) do artigo 11 deste estatuto.
- m) Subscribir contratos e convenios, autorizar gastos, ordenar pagamentos, render contas e desempeñar cantas outras funcións se lle atribúan por norma legal e regulamentaria.

SECCIÓN III. ESTRUTURA ORGANIZATIVA

Artigo 18. Estrutura xeral

1. Da dirección do IGE dependerán orgánica e funcionalmente a Unidade de Estudos e Modelización, con nivel orgánico de servizo, a Secretaría Xeral, con nivel orgánico de subdirección, a Subdirección de Síntese, Análise e Difusión e a Subdirección de Producción Estatística.

2. Á Unidade de Estudos e Modelización realizará funcións de apoio á Dirección nas tarefas relacionadas coa elaboración de información, estudos, análises e modelos de simulación que contribúan a optimizar o deseño e seguimento das políticas públicas, e todas as que se lle encomenden no Plan anual de actuación do IGE.

Artigo 19. Secretaría Xeral

1. Á Secretaría Xeral correspóndenlle a xestión dos recursos do IGE e as actividades de formación, réxime interior, asuntos xerais, coordinación institucional e mantemento dos sistemas de información, a través do desempeño das seguintes funcións:
 - a) Prestar asistencia técnica e administrativa á Dirección e colaborar con ela na coordinación das relacións externas do IGE.
 - b) Xestionar os recursos humanos e as actividades de réxime interno e asuntos xerais.
 - c) Seguir a execución orzamentaria e a contabilidade económico-financeira e formar e manter o inventario patrimonial do IGE.
 - d) Elaborar os anteproxectos e proxectos de disposicións emanadas do IGE, compilar, refundir e archivar a normativa propia ou de aplicación e planificar, normalizar e harmonizar normas e procedementos.
 - e) Tramitar os expedientes para o Consello da Xunta e enviar ao Diario Oficial de Galicia os actos administrativos do IGE.
 - f) Estudar as propostas de resolución a adoptar polas unidades do IGE e elaborar os informes ás reclamacións e recursos contra actos administrativos deste.
 - g) Tramitar os expedientes de contratación e os convenios.
 - h) Xestionar os procesos de oferta de emprego das escalas de estatística e do persoal entrevistador/enquisador.
 - i) Xestionar os procesos de formación en materia estatística.
 - j) Executar as tarefas necesarias para que funcionen o Consello Reitor e os órganos consultivos e de coordinación.
 - k) Elaborar e manter os sistemas de clasificacións, códigos e nomenclaturas a utilizar pola organización estatística de Galicia.
 - l) Coordinar os procesos de elaboración, seguimento e avaliación dos plans e programas estatísticos, supervisar os proxectos técnicos das operacións e prestar asistencia técnica na súa redacción.
 - m) Coordinar a elaboración e aplicación de indicadores de calidade das estatísticas.
 - n) Inventariar as actividades estatísticas de interese para Galicia e colaborar no deseño dos ficheiros-directorios e dos procedementos da Administración xeral e do sector público autonómico, que poidan ter consecuencias na produción estatística.
 - o) Investigar e desenvolver novas metodoloxías de aplicación á actividade da organización estatística.

- p) Asesorar na elaboración de anteproxectos e proxectos normativos de carácter xeral ou sectorial, que poidan afectar ao sistema estatístico.
 - q) Informar os convenios e acordos que en materia estatística formalicen os órganos da Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico, así como os procesos que se inicien para crear rexistros e sistemas de información dos que se poidan derivar datos estatísticos.
 - r) Diseñar, implantar e manter os sistemas de información do IGE, catalogando, organizando e documentando a información estatística.
 - s) Xestionar os procesos de cesión de información estatística, dentro da organización estatística de Galicia e con outros organismos.
 - t) Investigar as tecnoloxías e produtos informáticos e de telecomunicacións de interese para o IGE, así como seleccionar e especificar tecnicamente os necesarios para adaptar a súa infraestrutura ás novas necesidades e cambios tecnolóxicos.
 - u) Administrar e xestionar a seguridade dos sistemas, bases de datos e comunicacións.
 - v) Calquera outra que se lle asigne legal ou regulamentariamente, ou lle delegue ou encomende a Dirección.
2. Para desempeñar as súas funcións, a Secretaría Xeral contará con tres órganos de apoio, todos eles con nivel orgánico de servizo:
- a) Servizo de Xestión Administrativa e Asuntos Económicos: desenvolverá as funcións da Secretaría nas áreas xurídica, de persoal, réxime interior, asuntos xerais, contabilidade, xestión orzamentaria, contratación, convenios, ofertas de emprego, formación e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Secretaría Xeral e a Dirección.
 - b) Servizo de Coordinación e Planificación: desenvolverá as funcións da Secretaría sobre coordinación interna e externa do sistema estatístico, elaboración e seguimento dos plans e programas e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Secretaría Xeral e a Dirección.
 - c) Servizo de Xestión da Información Estatística: desenvolverá as funcións da Secretaría sobre sistemas de información, tecnoloxías e produtos informáticos, telecomunicacións, cesión de información, seguridade e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Secretaría Xeral e a Dirección.

Artigo 20. Subdirección de Síntese, Análise e Difusión

1. Á Subdirección de Síntese, Análise e Difusión correspóndenlle as tarefas relacionadas coa elaboración das estatísticas de síntese, os estudos prospectivos e de análise, as previsións económicas e demográficas e a difusión dos produtos e servizos do IGE, a través do desempeño das seguintes funcións:
- a) Prestar asistencia técnica e administrativa á Dirección.

- b) Colaborar coa Dirección nas relacións con outras institucións e organismos para impulsar actuacións coordinadas nos aspectos técnicos relacionados coas estatísticas da súa competencia.
 - c) Diseñar e aplicar procedementos que aseguren a calidade das estatísticas de síntese e dos procesos de estudo, análise e difusión de información estatística da súa responsabilidade.
 - d) Promover, executar e manter os sistemas integrados de indicadores e de contas económicas, tanto de carácter conxuntural como estrutural, e os subsistemas contables derivados.
 - e) Promover e elaborar estudos prospectivos e de análise baseados na información estatística dispoñible.
 - f) Promover e executar previsións económicas e demográficas, desenvolvendo as técnicas estatísticas necesarias.
 - g) Elaborar e executar os proxectos técnicos das operacións de síntese que se lle encomenden ao IGE, ou que se deriven de convenios de colaboración con outros organismos, así como participar na elaboración e execución dos desta natureza que formen parte do sistema integrado de contas económicas de Galicia.
 - h) Coordinar, xestionar e canalizar as peticións de información estatística.
 - i) Prestar servizos de recompilación, almacenaxe e difusión da información estatística dispoñible, organizar os servizos de atención aos usuarios e deseñar e manter os bancos de datos estatísticos de difusión.
 - j) Planificar a difusión da información estatística, materializando os correspondentes produtos de difusión e mantendo e mellorando os contidos dos servizos ofrecidos polo IGE a través da Internet.
 - k) Analizar as necesidades e a evolución da demanda de estatísticas en Galicia.
 - l) Coordinar e asesorar sobre aspectos técnicos das estatísticas de síntese e da difusión e desenvolver novas metodoloxías de aplicación ás súas actividades.
 - m) Calquera outra que se lle asigne legal ou regulamentariamente, ou lle delegue ou encomende a Dirección.
2. Para desempeñar as súas funcións, a Subdirección de Síntese, Análise e Difusión contará con tres órganos de apoio, todos eles con nivel orgánico de servizo:
- a) Servizo de Contas Económicas: desenvolverá as funcións da Subdirección no que atinxe á elaboración do marco central do sistema de contas e dos subsistemas derivados e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Subdirección e a Dirección.
 - b) Servizo de Análise: desenvolverá as funcións da Subdirección sobre sistemas integrados de indicadores, números índices, modelos para estimar e proxectar variables económicas e demográficas e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Subdirección e a Dirección.
 - c) Servizo de Difusión e Información: desenvolverá as funcións da Subdirección sobre deseño e difusión dos produtos e servizos do IGE, recompilación, análise e difusión doutras informacións estatísticas de interese sobre Galicia e, en xeral,

calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Subdirección e a Dirección.

Artigo 21. Subdirección de Producción Estatística

1. Á Subdirección de Producción Estatística correspóndelle as tarefas relacionadas coa elaboración de marcos e directorios, estatísticas de base e recolla de datos primarios, a través do desempeño das seguintes funcións:
 - a) Prestar asistencia técnica e administrativa á Dirección.
 - b) Colaborar coa Dirección nas relacións con outras institucións e organismos, para impulsar actuacións coordinadas nos aspectos técnicos relacionados coas estatísticas da súa competencia.
 - c) Diseñar e aplicar procedementos que aseguren a calidade das estatísticas de base e dos procesos de recollida de datos primarios da súa responsabilidade.
 - d) Promover e elaborar as estatísticas de base nos distintos ámbitos de investigación, tanto de carácter conxuntural como estrutural, así como asesorar e participar no aproveitamento de microdatos cedidos por outros organismos e que sexan de interese para o sistema estatístico de Galicia.
 - e) Elaborar os directorios de unidades estatísticas necesarios para crear, manter e actualizar os marcos e os instrumentos básicos de información, nos ámbitos económico, social e de medio.
 - f) Elaborar e executar os proxectos técnicos das operacións estatísticas de base que se lle encomenden ao IGE, ou que se deriven de convenios de colaboración con outros organismos.
 - g) Organizar e executar as operacións de recollida de datos primarios e as tarefas relacionadas coa cartografía, planimetría e xeorreferenciación de interese para o IGE.
 - h) Inspeccionar os traballos de campo e dirixir, coordinar e formar aos axentes entrevistadores/enquisadores.
 - i) Coordinar e asesorar sobre aspectos técnicos das estatísticas de base e dos procedementos de recollida de datos primarios e desenvolver novas metodoloxías de aplicación ás súas actividades.
 - j) Calquera outra que se lle asigne legal ou regulamentariamente, ou lle delegue ou encomende a Dirección.
2. Para desempeñar as súas funcións, a Subdirección de Producción Estatística contará con catro órganos de apoio, todos eles con nivel orgánico de servizo:
 - a) Servizo de Estatísticas Sociais: desenvolverá as funcións da Subdirección no que atinxe á elaboración de estatísticas de base sobre fogares e persoas e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Subdirección e a Dirección.
 - b) Servizo de Estatísticas de Empresas: desenvolverá as funcións da Subdirección no que atinxe á elaboración de estatísticas de base sobre empresas e, en xeral,

calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Subdirección e a Dirección.

- c) Servizo de Infraestrutura Estatística: desenvolverá as funcións da Subdirección sobre elaboración de marcos e directorios e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Subdirección e a Dirección.
- d) Servizo de Traballos de Campo: desenvolverá as funcións da Subdirección sobre organización, execución e inspección dos procesos de recollida de datos primarios e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Subdirección e a Dirección.

CAPITULO III. PLANIFICACIÓN E SEGUIMENTO

Artigo 22. Planificación e seguimento da actividade estatística da Comunidade Autónoma

- 1. No ámbito de aplicación da Lei 9/1988, do 19 de xullo de estatística de Galicia, o IGE elaborará os anteproxectos do Plan Galego de Estatística (PGE) e os proxectos dos seus Programas estatísticos anuais (PEA), que someterá ao informe do Consello Galego de Estatística (CGE).
- 2. O IGE elaborará informes de avaliación dos plans estatísticos plurianuais e informes de seguimento dos programas anuais, que someterá ao informe do CGE e trasladará ao Parlamento.

Artigo 23. Plan de actuación e informe xeral anual da actividade do IGE

- 1. No ámbito de aplicación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a actividade do IGE desenvolverase consonte ao seu Plan anual de actuación que, por proposta da Dirección, será aprobado por orde da consellería de adscrición, dentro do marco do programa anual desta última, contando co informe favorable da consellería competente en materia de facenda, consonte o establecido na lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma.
- 2. O Plan anual de actuación reflectirá os obxectivos e resultados vencellados co programa estatístico anual e incluírá os outros obxectivos e resultados que deban ser acadados polo IGE, así como os recursos persoais, materiais e orzamentarios precisos.
- 3. Para o seguimento dos obxectivos e resultados do Plan anual de actuación aprobado pola consellería de adscrición, o Consello Reitor, por proposta da Dirección, aprobará un Informe xeral anual da actividade desenvolvida polo IGE, coa valoración dos resultados obtidos e a consignación das deficiencias observadas.

CAPITULO IV. RÉXIME DE PERSOAL

Artigo 24. Réxime xurídico do persoal

O IGE contará con persoal funcionario e laboral para exercer ás súas funcións. O persoal do IGE réxese pola normativa sobre función pública e pola lexislación laboral aplicables ao resto do persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 25. Instrumento de ordenación dos postos de traballo

1. O instrumento de ordenación dos postos de traballo do IGE será a súa relación de postos de traballo.
2. A relación de postos de traballo do IGE determinará a natureza, contido e características do desempeño e retribución de cada posto de traballo, de acordo co disposto na normativa de emprego público da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. A aprobación e modificación da proposta de relación de postos de traballo do IGE será acordada polo Consello Reitor, por proposta da Dirección, logo dos informes favorables dos centros directivos da Administración xeral da Comunidade Autónoma competentes nas materias de administracións públicas, orzamentos e función pública.
4. En todo caso, a aprobación e modificación da proposta de relación de postos de traballo do IGE quedará sometida ao procedemento e requisitos de tramitación que determine a normativa vixente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nas materias de modificación e aprobación deste instrumento de ordenación de postos de traballo.

Artigo 26. Procesos de selección e provisión de postos de traballo

A oferta de emprego e a selección do persoal do IGE quedarán sometidos á normativa da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 27. Organización do traballo

1. O persoal do IGE estará obrigado a cumprir as funcións inherentes ao posto de traballo que ocupe e á categoría, corpo ou escala á que pertenza.
2. Os funcionarios das escalas técnica e superior de estatística, creadas por Lei 12/1992, do 9 de novembro, os entrevistadores-enquisadores da categoría 103 do grupo III de persoal laboral da Xunta de Galicia e todas as persoas que presten servizos no IGE e que interveñan nas actividades reguladas pola LEG, están obrigadas a manter o segredo estatístico respecto dos datos comunicados. Esta obriga conservarana logo de concluír as súas actividades profesionais e a súa vinculación cos servizos estatísticos.

Artigo 28. Réxime retributivo

1. Os conceptos e importes retributivos para as diferentes categorías do persoal funcionario do IGE serán os establecidos na normativa reguladora da función pública e dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. As condicións retributivas do persoal laboral do IGE serán as que se determinen con carácter xeral para o persoal laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o convenio colectivo único aplicable e a respectiva lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

CAPITULO V. RÉXIME PATRIMONIAL E DE CONTRATACIÓN

Artigo 29. Réxime patrimonial

1. O IGE terá, para cumprir os seus fins, patrimonio propio distinto do da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, integrado polo conxunto de bens e dereitos dos que sexa titular.
2. Así mesmo, poderán adscribirse ao IGE, para cumprir os seus fins, os bens e dereitos do patrimonio da Comunidade Autónoma de calquera titularidade que se acorden, de conformidade co disposto na lexislación de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 30. Réxime de contratación

O réxime xurídico aplicable á contratación do IGE será o establecido na lexislación sobre contratos das administracións públicas. O órgano de contratación do IGE é a Dirección.

CAPITULO VI. RECURSOS, RÉXIMES ECONÓMICO-FINANCIERO E ORZAMENTARIO E ASISTENCIA XURÍDICA

Artigo 31. Recursos económicos

O IGE financiarase cos seguintes recursos:

- a) Asignacións dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma ou procedentes doutras entidades públicas.
- b) Ingresos propios como contrapartida por actividades que se realicen para outras entidades en virtude de acordos ou disposicións legais.
- c) Resultados do alleamento dos bens e valores do seu patrimonio, de acordo coa lexislación na materia da Comunidade Autónoma.
- d) Rendementos procedente dos seus bens e valores.
- e) Os demais ingresos de dereito público, ou privado, que estea autorizado a percibir.

Artigo 32. Réximes económico-financiero e orzamentario

1. Os réximes económico-financiero e orzamentario, a intervención, o control financeiro, a contabilidade e a rendición de contas de IGE serán os recollidos na

lexislación sobre réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido para os organismos autónomos no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Legislativo 171999, do 7 de outubro.

2. O Consello Reitor aprobará, por proposta da Dirección, o anteproxecto de orzamentos anuais do IGE e a contracción de obrigas de carácter plurianual, dentro dos límites que teña fixados.
3. O réxime de contabilidade do IGE será o establecido na lexislación vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario da Administración autonómica de Galicia. O Consello Reitor aprobará as contas anuais do IGE.

Artigo 33. Control da xestión económico-financeira

1. O control externo da xestión económico-financeira do IGE correspóndelle ao Consello de Contas de Galicia, de acordo coa súa normativa específica.
2. O control interno da xestión económico-financeira do IGE correspóndelle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e realizarase de acordo co disposto na lexislación de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 34. Asistencia xurídica e defensa letrada

A asistencia xurídica e a defensa letrada do IGE serán exercidas pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

CAPITULO VII. TRANSPARENCIA

Artigo 35. Difusión de resultados estatísticos

1. A actividade estatística do IGE que se realice en desenvolvemento dos plans e programas estatísticos axustarase aos principios e ás garantías de interese público, obxectividade, corrección técnica, obriga de colaboración, segredo estatístico e difusión de resultados, establecidos no capítulo III da LEG, así como ás recomendacións do Código de conduta para as estatísticas europeas. Segundo o artigo 29 da LEG, as estatísticas do Plan galego de estatística serán obxecto de difusión pública.
2. O IGE publicará na súa páxina web o calendario de difusión das súas estatísticas.

Artigo 36. Accesibilidade

1. O IGE, en cumprimento da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, da tecnoloxía e da innovación e da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, garantirá o desenvolvemento e acceso aos repositorios de información estatística aos axentes do Sistema Galego de Investigación e Innovación.

2. En cumprimento da Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, e do Decreto 201/2011, do 13 de outubro, polo que se regula a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia na internet, o IGE terá abertos os seus datos públicos a terceiros (opendata), para que poidan reutilizalos, interactuar con eles e xerar novas aplicacións e servizos. Tamén porá especial atención no uso intensivo de formatos estándar procesables por máquinas, para favorecer a reutilización dos datos e a interoperabilidade, incrementando a eficiencia e moderando os custos.
3. En todo caso, o acceso á información estatística do IGE estará limitado polo cumprimento do segredo estatístico regulado na Lei 9/1988, do 19 de xullo de estatística de Galicia, e polo disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal

CAPITULO VIII. MODIFICACIÓN DO ESTATUTO

Artigo 37. Modificación do estatuto

1. A modificación do estatuto do IGE levarase a cabo por decreto do Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería de adscrición, logo do informe favorable das consellerías competentes en materia de administracións públicas e de facenda, e previa negociación coas organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública, cando a modificación proposta afecte aos contidos regulados no artigo 37.1 do Estatuto básico do empregado público.
2. Na modificación do estatuto do IGE respectarase a Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, en particular o establecido no seu título II no que se crea o IGE e se regulan as súas funcións.